

Bloque III. SÉCULO XIX

1. Crise do Antigo Réxime e revolución liberal.

- 1.1. Liberalismo: principios e institucións.
- 1.2. A crise da monarquía e a invasión napoleónica.
- 1.3. As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.
- 1.4. A restauración de Fernando VII (1814-1833).

2. A construción do Estado liberal.

- 2.1. Liberalismo doutrinario: moderados e progresistas.
- 2.2. O réxime do Estatuto Real e o triunfo liberal (1833-1836).
- 2.3. O réxime progresista de 1837 (1836-1843).
- 2.4. O réxime moderado de 1845 (1845-1868)

3. O Sexenio Democrático (1868-1874)

- 3.1. Liberalismo democrático: demócratas e republicanos.
- 3.2. A Revolución de 1868.
- 3.3. A Monarquía democrática de Amadeo I de Savoia (1871-1873)
- 3.4. A Primeira República (1873-1874)

4. O modelo de Estado na España liberal.

1. Crise do Antigo Réxime e revolución liberal.

Entre 1808 e 1833 enfróntanse en España dous modelos políticos e ideolóxicos antagónicos: o absolutismo e o liberalismo. A influencia da Revolución Francesa (1789) e a invasión napoléónica (1808) marcan o inicio da **revolución liberal española**, que continúa con paso firme nas Cortes de Cádiz cara á promulgación da Constitución de 1812. Con todo, o paso do Absolutismo ao Liberalismo ten, no caso español, varios **avances** e varias **voltas atrás**. Así, en 1814, o retorno ao poder de Fernando VII supón a volta ao Absolutismo e ao Antigo Réxime que, a pesares da paréntese do Trienio Liberal de 1820-1823, se manterá até a morte do rei en 1833.

1.1. Liberalismo: principios e institucións.

O liberalismo é unha corrente de pensamento que defende un novo concepto do poder e da sociedade baseado na liberdade, a igualdade xurídica, a limitación da autoridade e a participación política dos cidadáns fronte ao absolutismo e aos privilexios do Antigo Réxime.

· Principios políticos e institucións.

- Dereitos e liberdades individuais e inalienables.
- Igualdade de todos os individuos.
- Limitación do poder político.
- Soberanía da nación como forma de lexitimación do poder.
- Triple división de poderes: **executivo** (Goberno), **lexislativo** (Cortes) e **xudicial** (Tribunais).
- Participación dos cidadáns no sistema político.
- Institucións representativas da **vontade xeral** (Parlamentos e Cortes) formados por membros escollidos mediante procesos electorais.
- Constitución.

· Principios económicos.

- Propiedade privada individual, base de toda a sociedade.
- Liberdade económica baseada na libre iniciativa individual; o Estado debe absterse de intervir nos asuntos económicos.
- Libre xogo da oferta e a demanda como regulador da actividade económica (prezos, salarios...)

O liberalismo é a expresión ideolóxica dos intereses da burguesía, convertida, no s. XIX, no novo grupo hexemónico da sociedade debido, por unha banda, ao desenvolvemento comercial e industrial e, por outra, ao triunfo das revolucións liberais burguesas.

O liberalismo español.

Non creades que os reis veñen enviados por Deus, como vos predicán [...]. A vontade dos pobos é a que fai os reis; e ela mesma desfainos cando estes abusan dos poderes que o pobo lles confiou.

Antonio PEÑA. *O voto dun español*. 1808.

Todos e cada un dos cidadáns [...] teñen dereito para intervir no establecemento das leis, porque neles reside a soberanía. Pero [...] de verificalo, [...] as discusións eternizaríanse e o desconcerto sería o resultado; de aquí [vén] a necesidade de constituir o poder lexislativo [...] Deberá constar de individuos elixidos libre e espontaneamente polo pobo; [...] serán os representantes da Nación, depositarios da súa confianza. [...] Ás Cortes, ou sexa, o corpo lexislativo, correspóndelle elaborar a Constitución; redactar os códigos civil, criminal [...]; determinar as relacións entre a Igrexa e o Goberno; deseñar os plans de ensino; [...] establecer o sistema militar.

José CANGA ARGÜELLES. *Reflexións sociais ou ideas para a Constitución española que un patriota ofrece aos representantes de Cortes*. 1811

1.2. A crise da monarquía e a invasión napoleónica.

A negativa de Portugal a aceptar o bloqueio decretado por Napoléon contra Inglaterra levou ao emperador francés a planificar a conquista portuguesa, para o que contou co apoio de España. Godoy, secretario de Estado de Carlos IV, autorizou o paso das tropas galas por España no **Tratado de Fontainebleau** (1807), no que se acordou, tamén, o reparto de Portugal e as súas colonias entre Francia e España e a creación do Reino dos Algarves para Godoy.



GOYA . *Retrato de Manuel Godoy*.

· A crise da monarquía española.

A acumulación de cargos e poderes nas mans de Godoy e a súa influencia sobre os reis xeraron un forte resentimento no Príncipe de Asturias, **Fernando**, que vía como as súas posibilidades de gobernar perigaban. Ao seu redor xurdiu un grupo de aristócratas, o **partido fernandino**, que utilizou as sátiras para desprestixiar ao rei e ao seu valido ao tempo que comezou a conspirar para apartar a Godoy do poder e facer abdicar a Carlos IV. Tras un primeiro intento que fracasou (a **conxura do Escorial**), a entrada das tropas francesas en España causou un forte malestar popular que os seguidores de Fernando souberon aproveitar ao seu favor. Godoy, que sospeitaba do posible intento de Napoleón de conquistar España, propúxolle a Carlos IV que se refuxiase en América, tal e como xa fixera a familia real lusa;

cando o pobo se enterou de que a familia real se trasladaba a Aranjuez, os acontecementos precipitáronse.



Produciuse en marzo de 1808 o **motín de Aranjuez**: un tumulto popular, apoiado polo partido fernandino, asaltou o palacio real e obrigou a Carlos IV a abdicar no seu fillo Fernando, que foi recoñecido como novo rei. Vendo que perdía o control da situación, Carlos IV pídelle axuda a Napoleón.

O motín de Aranjuez, marzo de 1808.

A abdicación de Carlos IV.

Como os achaques de que adoezo non me permiten soportar por máis tempo o grande peso do goberno dos meus reinos, e cómpre para reparar a miña saúde, gozar dun clima máis temperado e da tranquilidade da vida privada, determinei despois da máis seria deliberación, abdicar a miña coroa no meu herdeiro e moi caro fillo o príncipe de Asturias. Polo tanto é a miña vontade que sexa recoñecido e obedecido como rei e señor natural de todos os meus reinos e señoríos.

Carlos IV: Decreto de abdicación. 19 de marzo de 1808.

Señor meu irmán: VM saberá sen dúbida con pena os sucesos de Aranjuez e as súas resultas [...]. Eu non renunciei a favor do meu fillo senón pola forza das circunstancias, cando o balbordo das armas e os clamores dunha garda sublevada me facían coñecer a necesidade de escoller entre a vida e a morte [...]. Eu fun forzado a renunciar. [...]

Dirixo a VM unha protesta* contra os sucesos de Aranjuez e contra a miña abdicación. Entrégome e enteiraamente confío no corazón e a amizade da VM.

Carta de Carlos IV a Napoleón. 23 de marzo de 1808.

* A protesta consta nun documento asinado polo monarca o 21 de marzo: *Protesto e declaro que o meu decreto de 19 de marzo, no que abdiquei [...] a favor do meu fillo, foi un acto ao que me vin obrigado contra a miña vontade, [...]. En consecuencia debe ser considerado nulo e sen ningún valor.*

• As abdicacións de Baiona e o reinado de Xosé I Bonaparte.

Napoleón viu nos acontecementos de Aranjuez a mostra evidente da crise política interna en España e da decadencia da monarquía española. Co pretexto de mediar na disputa polo trono reuniu en Baiona aos membros da familia real española. Alí, Fernando foi obrigado a devolverlle a Coroa a seu pai que, á súa vez, cedeu os seus dereitos a Napoleón. Finalmente, Napoleón nomeou a seu irmán Xosé o novo rei de España.

As abdicacións de Baiona

A SM o rei Carlos [...] cede pola presente todos os seus dereitos ao trono das Españas e das Indias á SM o emperador Napoleón como o único que, no estado a que chegaron as cousas, pode establecer a orde, entendéndose [...] as condicións seguintes:

1. A integridade do reino será mantida.
2. A relixión católica, apostólica e romana será a única de España.
3. A SM o Emperador obrigase a dar asilo [...] ao rei Carlos, á súa familia, ao Príncipe da Paz, [...] os cales gozarán en Francia dun rango equiparable ao que tiñan en España.

Convenio entre Carlos IV e Napoleón. 5 de maio de 1808.

O príncipe de Asturias adhírese á cesión feita polo rei Carlos dos seus dereitos ao trono de España e das Indias a favor da SM o Emperador dos franceses [...] e renuncia a todos os dereitos que posúe como príncipe de Asturias á Coroa de España.

Convenio entre Fernando, príncipe de Asturias, **e Napoleón.** 10 de maio de 1808.

Napoleón, pola graza de Deus Emperador dos franceses [...] a todos os que o presente viren, saúde: [...] o ben de España esixía que se puxese un pronto termo ao interregno, [e] resolvemos proclamar rei das Españas e das Indias ao noso moi amado irmán Xosé Napoleón, actual rei de Nápoles e Sicilia.

Napoléon. **Decreto de cesión da Coroa española.** 6 de xuño de 1808.

Inmediatamente Napoleón convocou en Baiona unha Asemblea (ou xunta de Deputados) na que participaron representantes dos tres estamentos. Logo de xurar fidelidade ao novo rei, **Xosé I Bonaparte**, a **Asemblea de Baiona** aprobou unha lei que regulaba a relación do monarca cos seus súbditos. O documento non era propiamente unha constitución xa que foi obra do propio rei e non da asemblea; era, máis ben, unha **Carta Outorgada** na que Xosé I autolimitaba o seu poder; esencialmente conservadora, a nova monarquía xiraba en torno á figura do novo rei:

- recollía unha certa separación de poderes, coa figura dun Senado, un Consello de Estado e unha Cortes por estamentos.
- garantíase a oficialidade da relixión católica, a responsabilidade dos ministros, a igualdade contributiva, a unidade lexislativa de todo o reino, a supresión de certos privilexios e a defensa de certas liberdades individuais.

Era, en resumo, unha **combinación de trazos tradicionais e novos**; aínda que na práctica non puido ser aplicada debido á Guerra de Independencia que xa estaba en marcha, supoñía xa unha ruptura clara cos trazos políticos do Antigo Réxime.

Xosé I tentou gobernar España coa intención de cambiar e renovar a situación vixente; pero o pobo vía nel, en cambio, a un usurpador, a un invasor francés, polo que as

masas populares satirizárono con numerosos alcumes: *Pepe Botella*, o *Rei Pepino*, o *Rei de Naipes*... Aínda así, tentou levar adiante importantes **reformas**, entre as que hai que suñar:

- a supresión dos dereitos señoriais, a eliminación das aduanas interiores, o fomento da liberdade económica, a creación de escolas, a transformación urbanística de Madrid...
- o intento de centralización e racionalización da administración mediante a división do país, a imitación do modelo francés, en 38 distritos, rachando coas divisións administrativas locais.

En xeral, as medidas apenas foron aplicadas na práctica debido á guerra. Nas súas tarefas de goberno, Xosé I estivo apoiado por un reducido grupo de españois, os **afrancesados**, convencidos de que este reformismo autoritario era o único medio para lograr a renovación e o cambio en España. De todos os xeitos, a derrota francesa provocou a saída de España de Xosé I e os máis dos afrancesados, que marcharon ao exilio. A fins de 1813 Napoléon devolveulle a coroa de España a Fernando VII ao asinar o **Tratado de Valençay**.

No nome de Deus Todopoderoso, don Xosé Napoleón, pola graza de Deus, rei das Españas e das Indias: oída a Xunta Nacional, congregada en Baiona [...] decretamos a seguinte Constitución:

Art. 1: a relixión católica, apostólica e romana [...] será a relixión [...] da nación e non se permitirá ningunha outra. [...]

Art. 61: haberá Cortes [...] compostas de 172 individuos, divididos en tres estamentos [...]: o [...] do clero, o da nobreza e o do pobo. [...]

Art. 96: as Españas e as Indias gobernaranse por un só código de leis civís e criminais. [...]

Art. 117: o sistema de contribucións será igual en todo o reino. [...]

Art. 140: os servizos e o talento serán os únicos que proporcionen ascensos [...].

Constitución de Baiona. 6 de xullo de 1808.



Xosé I.

• A guerra contra Napoléon. A Guerra de Independencia.

O traslado da familia real española a Francia xerou un enorme malestar popular que acabou por estourar o **dous de maio de 1808**, cando os madrileños se amotinaron conta os franceses; a noticia da rebelión e, sobre todo, da súa sanguenta represión provocou unha sublevación xeral por toda España. Esta insurrección popular marcou o inicio dunha longa e cruenta guerra na que, ante a escaseza das tropas españolas, a loita e a defensa do territorio

foi asumida polo pobo. Predominou, así, un patriotismo fanático defensor da tradición, da relixión de dos dereitos de Fernando VII.


O 2 e 3 de maio de 1808



Francisco de Goya y Lucientes foi retratista oficial de Carlos IV e viviu en primeira persoa os acontecementos da Guerra de Independencia, recollendo as atrocidades da mesma na súa serie de gravados **Os desastres da guerra**; dous dos seus cadros máis célebres recollen os acontecementos de Madrid no inicio do conflito. **O dous de maio de 1808** (ou **A carga dos mamelucos**, esqda.) recolle o levantamento do pobo contra os invasores. Ao día seguinte, os franceses reprimen o levantamento e tratan de escarmentar aos sublevados; Goya recolle a imaxe no seu **O tres de maio de 1808** (ou **Os fusilamentos da montaña do Príncipe Pío**, dta.). O artista aragonés pintou os cadros en 1814, á volta de Fernando VII, pero non lle serviron para evitar que fose tachado de afrancesado e tivese que exiliarse a Francia. Podes ver estas e outras obras de Goya en: <http://goya.unizar.es/>

A superioridade militar francesa obrigou aos españois e recurrir á **guerra de guerrillas**: pequenas cuadrillas (ou *partidas*), apoiándose no coñecemento do terreo e co apoio da poboación, atacaban ás tropas francesas en accións espontáneas e violentas sen dar tempo a reaccionar e evitando un choque frontal. Algúns xefes destas partidas de guerrilleiros convertíronse en verdadeiros heroes populares, coma Espoz y Mina, o cura Merino ou, sobre todo, Xoán Martín Díaz, **o Empecinado**. De todos os xeitos, aínda que o pobo foi o protagonista, tamén foi moi importante a axuda do exército inglés na loita contra as tropas napoleónicas.

Xoán Martín Díaz, *o Empecinado*.



Na guerra contra os franceses, tamén coñecida como *de Independencia*, diferéncianse tres fases:

- a) **maio-novembro de 1808: o levantamento popular** paralizou o intento de ocupación francesa e fixo fracasar o intento de Napoléon de ocupar rapidamente todo o territorio. Cómpre destacar a batalla de **Bailén**, no que o exército francés da zona andaluza foi derrotado, obrigando a Xosé I e ás tropas napoleónicas a recuar cara a Vitoria.
- b) **novembro de 1808-xaneiro de 1812: foi de claro dominio francés** grazas á entrada dun gran exército dirixido polo propio Napoléon (arredor de 250.000 homes). As principais cidades tiveron que capitular logo de protagonizar heroicas resistencias (a máis coñecida é a de **Zaragoza**, co xeneral Palafox e **Agustina de Aragón**). Ao mesmo tempo, as tropas inglesas que acudiron en axuda dos españois, foron perseguidas polos franceses na súa retirada cara á Coruña, onde reembarcaron logo de caer o seu xefe, sir John Moore na batalla de Elviña. Só Cádiz e Lisboa resistiron á ocupación.

En Galicia os mariscais **Soult** e **Ney** dirixiron a ocupación francesa xa desde xaneiro de 1809. A liberación do territorio realizou, fundamentalmente o pobo: numerosas partidas guerrilleiras resistiron os ataques a cidades, vilas e aldeas e a súa acción foi clave en acontecementos coma a **reconquista de Vigo** (en marzo de 1809, encabezado polo abade do Couto e Bernardo González, **Cachamuíña**) ou a batalla de **Ponte Sampaio** en xuño dese mesmo ano. Os franceses non tardaron en abandonar Galicia (xuño de 1809) pero a pegada que deixou a presenza francesa aínda pervive na cultura popular (velaí o *canón de pau*, por exemplo, en Cotobade).

Monumento aos heroes de Ponte Sampaio, na alameda de Pontevedra.



- c) **xaneiro de 1812-abril de 1814: retirada francesa e ofensiva anglohispana.** A campaña contra Rusia obrigou a Napoléon a levar parte das tropas que tiña en España á outra estrema do continente, o que foi aproveitado polas tropas anglohispanas comandadas por **Wellington** para facerse coa victoria na batalla de **Arapiles**, preto de Salamanca en 1812. A continua diminución dos efectivos franceses para poder atender a todos as fronteiras que Napoleón tiña abertas en Europa permitiulle a Wellington novos triunfos coma as batallas de Vitoria e San Marcial, xa en 1813. Finalmente, a retirada francesa rematou en 1814.



Evolución do conflito; podes ver este e outros mapas sobre a Guerra de Independencia en:
<http://servicios.elcorreodigital.com/especiales/guerra-de-la-independencia-1808/mapas/>

1.3. As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.

A pasividade das autoridades perante as abdicacións de Baiona e a invasión francesa fixo que as elites dominantes, apoiadas polo pobo, asumisen o goberno creando as chamadas **Xuntas**, que se encargaron organizar a loita contra os franceses pero tamén, e sobre todo, de reformar o sistema político vixente.

· A formación das Xuntas de Goberno.

En maio e xuño de 1808, numerosas vilas e cidades forman Xuntas de Goberno; controladas polos grupos dominantes da sociedade, representan unha ruptura coa orde política vixente e unha nova concepción do poder que podemos considerar *revolucionaria*. Fundamentando a súa lexitimidade na vontade popular de defensa da patria, as xuntas asumiron o poder e declaráronlle a guerra a Francia. En cada poboación xurdiu unha xunta local e todas elas quedaban baixo a autoridade dun reducido número de Xuntas Supremas

Provinciais. **En Galicia**, por exemplo, a sublevación contra os franceses comezou na Coruña; rapidamente creouse a Xunta Suprema do Reino, da que formaba parte o Capitán Xeneral e representantes das sete capitais provinciais. A Xunta asumiu a soberanía, organizou a defensa e coordinou as distintas Xuntas locais.

Para unha maior coordinación, as Xuntas provinciais formaron a **Xunta Suprema**, que exerceu o goberno de España desde setembro de 1808 até 1810, cando foi substituída polo Supremo Consello de Rexencia.

Asumir a soberanía e organizar a resistencia.

Galegos: chorastes a sorte do voso amable Fernando; [...] temedes pola vosa relixión, mirades xa [...] profanados os altares [...]. O voso reino [...] asumiu a autoridade soberana, que en tales circunstancias lle compete por dereito [...]. Correde, pois, ás armas, imos defender a causa de Deus, o honor da nosa Patria, as nosas vidas e facendas [...].

Proclama da Xunta Suprema do Reino de Galicia. 5 de xuño de 1808.

· **As Cortes de Cádiz e a abolición do Antigo Réxime.**

Durante a guerra estendeuse a idea de convocar Cortes xerais e extraordinarias para coñecer a vontade do país e tomar as medidas que fosen necesarias. **Para uns**, a maioría dos nobres e eclesiásticos, o obxectivo era restablecer o sistema absolutista. **Para outros**, os partidarios do liberalismo, eran precisos cambios que pasaban por restrinxir o poder do rei e redactar unha Constitución que proclamase a soberanía do pobo e a separación de poderes.

As Cortes reuníronse en Cádiz en setembro de 1810. Predominaban nelas os deputados das clases medias urbanas, se ben o grupo maioritario eran eclesiásticos, avogados e xente da administración e militares. Foron escasos os comerciantes así coma as altas xerarquías eclesiásticas e os grandes nobres, que non acudiron; a presenza do campesiñado era, practicamente, nula. No tocante ás tendencias ideolóxicas podemos falar de dúas



posturas claramente antagónicas: os partidarios das reformas radicais e a liberdade (**liberais**) e os partidarios do mantemento da soberanía real, opostos a calquera reforma (**realistas, absolutistas ou servís**).

Promulgación da Constitución de 1812 nas Cortes de Cádiz.

Realizouse en Cádiz un **intenso labor legislativo**; ademais da Constitución de 1812, elaboráronse numerosos decretos polos que se eliminaban as estruturas e os fundamentos xurídicos do Antigo Réxime para establecer un novo modelo político, administrativo, social e económico baseado nos principios ideolóxicos do liberalismo. Cómpre destacar, pois:

- a) **proclamación da soberanía nacional e separación de poderes:** foi a primeira medida que tomaron os deputados; fronte á soberanía real de orixe divina proclamaron a soberanía nacional, que residía nas Cortes, e, fronte ao poder absoluto do rei, defenderon a separación de poderes.
- b) **abolición dos señoríos xurisdiccionais e dos privilexios de orixe feudal:** a xustiza, até ese momento en mans da nobreza e a Igrexa, pasou ao Estado. Porén, o decreto distinguía entre **señoríos xurisdiccionais**, que quedaban anulados, e os **territoriais**, que pasaban a ser recoñecidos como propiedade privada. Desta maneira o decreto non afectou aos dereitos da nobreza sobre a propiedade da terra.
- c) ademais as Cortes decretaron: a **liberdade de imprenta** sen censura previa, a regulamentación do poder executivo (incluída a responsabilidade dos ministros), a formación dos Concellos e as Deputacións, a creación do Tribunal Supremo de Xustiza e a supresión do Tribunal da Inquisición.

Os decretos e reformas **abolían legalmente o Antigo Réxime**, (de aí o seu carácter de *revolucionarias*); pero a maioría da poboación, especialmente os grupos populares, viron esas reformas como algo excesivo e creron o que predicaban os eclesiásticos, que presentaban a labor das Cortes gaditanas como un atentado á relixión e á tradición.

· A Constitución de 1812.

Coñecida popularmente como *a Pepa*, aprobada o 19 de marzo de 1812, recollía as ideas liberais e establecía un novo modelo político:

- a) **soberanía da nación**, entendida como soberanía popular. O pobo é quen ten o poder e exerceo por delegación nos seus representantes elixidos por sufraxio. Recoñeciase, asemade, o sufraxio universal masculino indirecto, tanto para os deputados en Cortes coma para os alcaldes dos concellos.
- b) **monarquía** como forma de goberno, pero na que o poder do rei se limita a unhas determinadas accións.
- c) **separación de poderes:** o executivo exerceo o rei que é, ao mesmo tempo, xefe de Estado e de goberno (*o rei reina e goberna*); o lexislativo recae nas Cortes e o xudicial nos tribunais de xustiza.
- d) **dereitos e liberdades:** recoñecemento da liberdade, especialmente a de opinión e imprenta; igualdade de todos ante a lei e ante as cargas fiscais (proporcionais á riqueza) e militares (servizo militar obrigatorio); recoñecemento da propiedade privada como un dereito básico. Para o mantemento da orde pública e a defensa das liberdades e da Constitución créase a Milicia Nacional.
- e) **unitarismo e centralismo político:** fronte á diversidade lexislativa e administrativa do Antigo Réxime, imponse unha única lexislación que eliminaba os particularismos dos antigos reinos e os privilexios forais.

- f) **catolicismo de Estado**, declarando a relixión católica como oficial e a única autorizada.

A Constitución de 1812.

No nome de Deus todopoderoso, Pai, Fillo e Espírito Santo [...] as Cortes xerais e extraordinarias da nación española [...] decretan a seguinte Constitución:

Art. 1: a nación española é a reunión de todos os españois de ambos os hemisferios [...]

Art. 3: a soberanía reside [...] na nación e [...] pertence a esta [...] o dereito de establecer as súas leis [...]

Art. 8: [...] está obrigado todo español, sen distinción ningunha, a contribuir en proporción dos seus haberes para os gastos do Estado [...]

Art. 12: a relixión da nación española é [...] a católica, apostólica e romana, única verdadeira [...] e prohibe o exercicio de calquera outra [...]

Art. 14: o goberno na nación española é a Monarquía moderada hereditaria [...]

Art. 15: a potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei.

Art. 16: a potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art. 17: a potestade de aplicar as leis en causas civís e criminais reside nos tribunais [...]

Art. 131: as facultades das Cortes son: propór e decretar leis, [...] fixar os gastos da Administración Pública [...], establecer [...] contribucións e impostos, [...] protexer a liberdade [...] de imprenta, [...] facer efectiva a responsabilidade dos Secretarios de Despacho [...]

Art. 172: as restriccións da autoridade do rei son [...]: non pode impedir [...] a celebración das Cortes [...], nin suspendelas, nin disolvelas [...]. Non pode [...] ausentarse do reino sen o consentimento das Cortes e, se o fixese, entenderase que abdicou da Coroa [...]. Non pode impoñer por si contribucións [...].

Art. 361: ningún español pode excusarse do servizo militar.



Constitución española. 1812.

1.4. A restauración de Fernando VII (1814-1833)

En 1814 Fernando VII regresa a España e reinará até a súa morte, en 1833. O *rei desexado* gobernou de maneira vingativa empregando todos os medios posibles para gobernar de maneira absoluta, reprimindo duramente aos liberais e borrando a labor das Cortes de Cádiz, polo menos na primeira parte do seu reinado, que



se vai dividir en tres grandes fases: o Sexenio Absolutista (1814-1820), o Trienio Liberal (1820-1823) e a Década Ominosa (1823-1833)

Fernando VII, o Desexado.

Valoracións do rei desexado



Completamente feo [...]; carirredondo, meixelas deformes, nariz groso e torcido, boca afundida, queixo saínte; unicamente os ollos eran grandes e vivos. Gordecho, ordinario, sen un movemento discreto, sen unha soa actitude nobre. Parecía un arrieiro disfrazado [...].

Federico SÁINZ DE ROBLES. *Historia e estampas da vila de Madrid*. 1933.

Baixo do coche e vexo ao príncipe; pensei que me desmaiaba; no retrato parecía máis ben feo que guapo; pois ben, comparado co orixinal, era un Adonis.

Antonia de Borbón (primeira muller de Fernando VII). Carta a seu curmán. 23 de xaneiro de 1803.

· O Sexenio absolutista (1814-1820)

Fernando VII regresou a España en 1814, recibido entre o entusiasmo popular; pero a súa volta supoñía un grave **problema político**: os liberais esixían que o rei acatase os decretos das Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812, pero os absolutistas defendían que o rei debía recuperar o absolutismo e declarar nulas as reformas feitas durante a súa ausencia.

O manifesto do persas

Señor: era costume dos antigos persas pasar cinco días de anarquía despois do falecemento do seu rei, a fin de que a experiencia dos asasinatos, roubos e outras desgrazas os obrigase a ser máis fieis ao seu sucesor. Para selo España á VM non necesitaba igual ensaio nos seis anos da súa cautividade [...]. Mais, como en ausencia da VM se mudou o sistema [...] e nos encontramos á fronte da nación cun congreso que decreta o contrario ao que sentimos [...] cremos un deber manifestar que [...] a monarquía absoluta [...] é unha obra da razón e da intelixencia: está subordinada á lei divina, á xustiza e ás regras fundamentais do Estado.

Non podendo deixar de pechar este respetuoso Manifesto [...], coa protesta de que se estime sempre sen valor esa Constitución de Cádiz e por non aprobada pola VM.

Representación e manifesto que algúns deputados [...] asinaron [...] para que [...] Fernando VII [...] se decatase do estado da Nación. 12 de abril de 1814.

Co apoio de boa parte dos eclesiásticos, nobres e xefes militares, Fernando VII declarou nulos os decretos das Cortes gaditanas e restableceu o Antigo Réxime: absolutismo

monárquico, Inquisición, señoríos xurisdiccionais, privilexios... A **volta ao absolutismo** apenas contou con protestas por parte do pobo, que vía as reformas liberais coma un atentado á tradición e á relixión. De todos xeitos, o retorno ao absolutismo non é un fenómeno exclusivamente español, senón que hai que o situar no **contexto da Restauración europea** tras a derrota de Napoleón en 1814.

As **forzas liberais** (líderes das partidas guerrilleiras e a burguesía, sobre todo) eran minoría e non puideron ofrecer resistencia; moitos foron acusados de **afrancesados** e arrestados e outros fuxiron ao exilio. Para tratar de obrigar ao rei a aceptar o liberalismo formaron sociedades secretas e clandestinas (a masonería, por exemplo) e recorreron ás conspiracións e aos **pronunciamentos**, é dicir, levantamentos dunha parte do exército que se *pronuncia* a favor da substitución da monarquía absoluta por outra inspirada na Constitución de Cádiz. O sucesivos intentos durante todo o Sexenio Absolutista fracasaron, sendo os seus líderes detidos e executados (cómpre destacar os pronunciamentos de **Espoz y Mina** en 1814, o de **Díaz Porlier** en 1815, ou os de Richart, Lacy, van Halen, Vidal, ou Quiroga)

O pronunciamento de Díaz Porlier.

Españois: obrigados pola necesidade, vendo que a verdade non pode chegar aos oídos do rei, asediado [...] polos seus conselleiros [...] tomamos a terrible pero indispensable resolución de reclamar coas armas na man o que se negou ás nosas solicitudes.

O noso obxectivo é o de toda España: unha monarquía sometida a leis xustas e sabias, e na que se garantan, tanto as prerrogativas do trono coma os dereitos da nación. Pedimos a convocatoria de Cortes nomeadas polo pobo, e que estas teñan a liberdade de facer, na Constitución proclamada polas Cortes extraordinarias, os cambios que esixe a nosa situación [...].

Firmes na nosa resolución, non deixaremos as armas, se nos vemos obrigados e recorrer a elas, antes de obter o que pedimos.

XUNTA PROVINCIAL DE GALICIA, presidida por **Xoán DÍAZ PORLIER**.
Manifesto [...] á nación española. 21 de setembro de 1815.

• O Trienio Liberal (1820-1823)

O 1 de xaneiro de 1820, entre as tropas preparadas para ir combater a independencia das colonias españolas en América, **Rafael del Riego** proclamou en Cabezas de San Juan (Sevilla), o restablecemento da Constitución de 1812. Inicialmente só unha pequena parte do exército secundou o pronunciamento, pero o triunfo dos liberais na Coruña e no resto das cidades de Galicia e España supuxo a súa consolidación. Ante o éxito dos pronunciamentos e sen apoios, Fernando VII viuse obrigado a xurar a Constitución.

Fernando VII xura a Constitución de Cádiz.

Españois: a vosa gloria é a [...] que desexa o meu corazón. A miña alma non apetece senón vervos en torno do meu trono unidos, pacíficos e ditosos. Confiade, pois, no voso rei, que vos fala coa efusión sincera que lle inspiran as

circunstancias [...]. Marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional.

Fernando VII. Manifesto á nación española. 10 de marzo de 1820.

O triunfo revolucionario español foi imitado en toda Europa no que se coñece como o **ciclo revolucionario da década de 1820** (Portugal, Piemonte-Sardegna, Francia). Os liberais restableceron a lexislación aprobada en Cádiz: Constitución, Cortes eleixidas mediante sufraxio, liberdade de imprenta, Milicia Nacional, abolición da Inquisición...

Pero xurdiu un debate interno entre os liberais á hora de pórse de acordo en puntos coma a necesidade ou non de modificar a Constitución, o poder do rei, a soberanía... dando lugar a dúas correntes: os **moderados** (ou *doceanistas*) e os **exaltados** (ou *vindeanistas*). A división no bando liberal favoreceu os intentos dos absolutistas de restaurar novamente o Antigo Réxime, que contaron sempre co apoio do rei, quen nunca acatou sinceramente a imposición constitucional.

O himno de Riego (pódalo escoitar en:

<http://www.eroj.org/fonoteca/Riego.htm>)

Serenos, alegres, / valientes y osados, / cantemos
soldados / un himno a la lid. / Y a nuestros acentos /
el orbe se admire / y en nosotros mire / los hijos del
Cid. / Soldados, la patria / nos llama a la lid; /
juremos por ella / vencer o morir.

Rafael del Riego.



• A Década Ominosa (1823-1833)

As potencias absolutistas europeas decidiron intervir en España para restaurar o reinado absolutista de Fernando VII e evitar a expansión da revolución polo continente. Así, en 1823 as tropas da Santa Alianza, os **Cen Mil Fillos de San Luis**, entran en España e, sen apenas resistencia, restauran o absolutismo e anulan todos as leis e institucións creadas durante o Trienio Liberal.

Moitos liberais foron executados, ben ao seren capturados polos realistas (o propio Riego, o *Empecinado*), ben por participar en novos intentos ou conspiracións para restablecer o réxime constitucional, como **Mariana Pineda** (axustizada por bordar unha bandeira co lema *Lei, liberdade, igualdade*) ou José María **Torrijos**, fusilado nun praia de Málaga cando tentaba iniciar un novo pronunciamento liberal. Moitos tiveron que fuxir ao exilio, desde onde seguiron a loitar polo restablecemento das liberdades.

Durante esta última década absolutista os defensores da relixión, do absolutismo e da tradición controlaron e someteron á poboación. Aínda así, os **realistas** máis radicais acusaron ao rei de pusilánime e agrupáronse arredor de seu irmán, **don Carlos**, quen ante a falta de descendencia do rei se presumía o futuro feredeiro. Porén, en 1829, Fernando VII casou con María Cristina de Borbón, con quen tivo dúas fillas: Sabela e Luisa Fernanda. A **Lei Sálica**,

introducida por Filipe V, impedía a sucesión ao trono das mulleres, polo que Fernando VII derogou a devandita lei en 1830 coa **Pragmática Sanción**, nomeando herdeira á súa filla Sabela. Esta decisión derivou nun grave problema dinástico pois os ultrarrealistas defenderon



os dereitos de Carlos. Ao morrer Fernando VII, en 1833, Carlos reclamou para si o trono, ao tempo que a raíña viúva María Cristina o reclamaba para a súa filla Sabela. O choque entre os dous bandos, carlistas e isabelinos, supuxo o estoupido da **primeira guerra carlista** e a oportunidade de que os liberais voltasen ao poder.

Antonio Gisbert. Fusilamento de Torrijos e os seus compañeiros.

2. A construción do Estado liberal

Entre 1833 e 1868 enfróntanse en España dous modelos políticos liberais: o *progresista* e o *moderado*; as diferenzas entre eles provocarán frecuentes cambios constitucionais e de goberno.

2.1. Liberalismo doutrinario: moderados e progresistas.

Morto o Antigo Réxime, o liberalismo impónse como ideoloxía dominante. Con todo, as diferenzas á hora de aplicar na práctica os principios económicos e políticos liberais fai que xurdan varias tendencias. A corrente maioritaria vai ser o **liberalismo doutrinario**, que aparece como reacción aos excesos revolucionarios e o temor dos grupos poderosos (sobre todo a burguesía) de perder o poder político e económico fronte ás demandas das clases populares.

As características do liberalismo doutrinario son:

- a) **monarquía constitucional** como forma de Estado e de goberno na que todos os poderes, incluída a Coroa, exercen os seus poderes de acordo cunha Constitución. O

rei controla o executivo e nomea libremente aos ministros (*o rei reina e goberna a través dos seus ministros*); estes son responsables da súa actuación política perante as Cortes e precisan, tamén, da confianza do rei para poder gobernar (de aí que se fale dun sistema de *dobre confianza*). En caso de conflito entre o Goberno e as Cortes, o rei pode disolvelas ou cambiar de ministros. Ademais, a Coroa comparte o lexislativo coas Cortes, de xeito que o rei mantén controladas as Cortes en todo momento.

- b) **soberanía compartida**: a orixe do poder é a nación, que se identifica coa Coroa e as Cortes. Polo tanto, o rei e as Cortes representan á nación e son os depositarios desa soberanía.
- c) **restricción da participación política** (*gobierno oligárquico*): considérase que a política é cousa dos máis preparados (*soberanía da intelixencia*) e que, como a vontade xeral non se pode coñecer pola simple suma dos intereses particulares, o dereito ao sufraxio debe ser restrinxido, reservado a aqueles que posúen un certo nivel económico ou cultural (**sufraxio censatario**).
- d) **limitación dos dereitos individuais**, que deben estar regulados cuns límites claros por escrito, pois do contrario desembocan no caos e a desorde social.
- e) **catolicismo** de Estado.

É a burguesía quen adoita asumir, en maior ou menor medida, estes principios. Pero as diferenzas á hora de os aplicar na práctica van orixinar a división dos liberais. O puntos de conflito centrábanse en aspectos coma a lexitimidade e a soberanía do poder, a separación e o exercicio do mesmo, o réxime de dereitos e liberdades (especialmente no tocante ao sufraxio), a cuestión relixiosa ou a organización territorial do Estado:

- Os **moderados** (ou *conservadores*) asumen plenamente o liberalismo doutrinario; foron os que máis tempo estiveron no poder e contaron sempre co apoio da monarquía e dos grupos sociais máis poderosos. Así, defenderon sempre a exclusión das masas populares da participación política, impondo un férreo sufraxio censatario, ao tempo que defenderon un modelo de Estado unitario e centralizado a través, por exemplo, do control da vida municipal polo Goberno central.

- Os **progresistas**, herdeiros dos exaltados das Cortes de Cádiz e do Trienio Liberal, comezaron a moderar as súas reivindicacións na década de 1830. Aceptaron algúns dos principios do liberalismo doutrinario pero reclamaron a primacía das Cortes sobre o rei, a descentralización da vida municipal e unha interpretación ampla dos dereitos e liberdades. Pero nunca contaron co apoio na monarquía, que preferiu sempre aos moderados, o que os obrigou a empregar a conspiración e a violencia como medio para chegar ao poder. Foron tamén defensores de medidas favorables ao desenvolvemento das actividades económicas capitalistas (desamortizacións, construción do ferrocarril...)

	MODERADOS	PROGRESISTAS
soberanía compartida	· Primacía da Coroa sobre as Cortes	· Primacía das Cortes sobre a Coroa
dereitos e liberdades	· Escasos (sufraxio moi restrinxido; apenas un 2% da poboación con dereito a voto)	· Máis amplos (ampliación do sufraxio até un 5% da poboación con dereito a voto)
organización territorial do Estado	· Estado unitario e centralizado. · Control dos concellos polo Goberno central que nomea, por exemplo, directamente aos alcaldes.	· Descentralización administrativa. · Autonomía local.
relixión	· Catolicismo de Estado. · Prohibición doutros cultos.	· Catolicismo de Estado. · Tolerancia relixiosa.

2.2. O réxime do Estatuto Real e o triunfo liberal (1833-1836).

En 1833, ao morrer Fernando VII, a súa muller María Cristina de Borbón converteuse en rexente, debido á minoría de idade de Sabela II. Para asegurar o trono, a rexente tivo que se apoiar nos sectores máis moderados, tanto entre as filas realistas coma as liberais.

Pódese falar dunha **primeira fase da rexencia** (entre 1833 e 1836) na que María Cristina se tivo que enfrontar aos carlistas nunha guerra civil que rematará en 1839, pero tamén aos liberais máis radicais, que acabarán chegando ao poder na revolución de 1836. A rexente levou a cabo algunhas reformas que non afectaban ao seu poder, como poden ser:

· A reforma provincial.

Decretada no Goberno de **Cea Bermúdez** en 1833, foi levada a cabo polo ministro de Fomento daquel momento, **Javier de Burgos**. Desapareceron os vellos reinos medievais e a antiga división administrativa deixou paso a 49 provincias; o obxectivo era unha maior racionalización administrativa pero tamén un maior control territorial e unha maior centralización política. Foi nese momento cando o Reino de Galicia desapareceu oficialmente e as sete provincias deixaron paso ás actuais catro.

División provincial de Javier de Burgos (1833)



· O Estatuto Real.

En 1834 a presión dos liberais logrou que María Cristina nomease presidente do Goberno a **Martínez de la Rosa** e cedese certas concesións políticas, entre a que cómpre destacar o **Estatuto Real**, no que se precisaban os trazos dun réxime político aínda moi moderado. Pódese considerar unha *Carta Outorgada* na que a Coroa renunciaba a manter en exclusiva o poder e admitía unha ampla participación política a favor das clases posuidoras (a vella nobreza e a alta burguesía, apenas un 0,15 % da poboación); os dereitos dos cidadáns non aparecían recollidos e a separación de poderes nin se mencionaba.

O Estatuto Real de 1834.

Art. 1: [...] a Raíña Gobernadora, no nome da súa [...] filla, dona Sabela II, resolveu convocar as Cortes Xerais do Reino.



María Cristina de Borbón.

Art. 2: as Cortes [...] estarán formadas por dous Estamentos: o de Próceres [...] e o de Procuradores [...].

Art. 3: o Estamento de Próceres [...] estará formado por: [...] os arcebispos e bispos, os Grandes de España, [...] Secretarios de Despacho, [...] propietarios territoriais ou donos de fábricas [...] que sumen [...] unha renda anual de sesenta mil reais [...].

Art. 13: o Estamento dos Procuradores [...] estará formado polas persoas que se nomeen de acordo coas leis [...].

Art. 14: para ser Procurador requírese: [...] ter trinta anos cumpridos, estar en posesión unha renda propia anual de doce mil reais [...].

Art. 24: corresponde exclusivamente ao rei convocar, suspender ou disolver as Cortes.

Estatuto Real para a convocatoria das Cortes.

10 de abril de 1834.

· As revolucións de 1835 e 1836.

Entre xullo e agosto de 1835 producíronse en numerosas cidades revoltas, motíns populares e pronunciamentos liderados polos liberais máis radicais; formáronse xuntas locais que asumiron o poder e restableceron a Constitución de 1812. Ante esta situación, María Cristina viuse abocada a nomear xefe de Goberno a **Mendizábal**, progresista, que encabeizou unha serie de reformas socioeconómicas:

Juan de Dios Álvarez, *Mendizábal*



- a) restablecemento das deputacións provinciais.
- b) supresión de todos os conventos e exclaustación dos seus membros, agás aquelas ordes que prestasen servizos de auxilio social coma o coidado de enfermos ou a educación de pobres.
- c) expropiación e venda dos bens das ordes eclesiásticas suprimidas (**desamortización eclesiástica de Mendizábal**) cunha tripla finalidade: sanear a débeda pública, ganar adeptos á causa isabelina e dismantelar o poder económico da Igrexa, considerada un baluarte do Antigo Réxime e defensora do carlismo.
- d) **redención de quintas**: permitía eludir o servizo militar mediante un pagamento, o que beneficiaba claramente ás clases poderosas que podían, así, librar do servizo militar e da guerra.

A desconfianza da raíña e dos moderados perante a actuación de Mendizábal fixo que este fose destituído en 1836 e substituído por **Istúriz**, moderado. A paralización das reformas acentuou as protestas dos liberais máis radicais, producíndose novos levantamentos en numerosas cidades en xullo e agosto de 1836. O pronunciamento das tropas encargadas da protección da raíña (**Motín dos sarxentos da Granxa**) obrigou á rexente a xurar e restaurar a Constitución de 1812. Así, María Cristina volveu poñer no goberno aos progresistas, con **Calatrava** á fronte. Convocáronse Cortes para recuperar a lexislación do Trienio Liberal e para reformar a Constitución de 1812, de tal maneira que o Antigo Réxime desapareceu definitivamente e o liberalismo consolidouse, se ben quedou clara a división entre moderados e progresistas.

• O Carlismo.

En 1833, tras a morte de Fernando VII e a proclamación de Sabela II como raíña, houbo pronunciamentos ultrarrealistas en varios lugares de España nos que se defendían os dereitos á sucesión de Carlos, irmán do rei finado. Xurdiron así dous bandos: os **carlistas** (absolutistas) e os **isabelinos** (liberais).



O carlismo é unha ideoloxía e un movemento político que se caracteriza pola defensa:

- a) do **lexitimismo**: a defensa do dereito ao trono do infante Carlos e os seus sucesores.
- b) do **tradicionalismo** político, relixioso e social.
- c) do **foralismo**, é dicir, do mantemento da organización administrativa do Antigo Réxime, que supoñía o respecto dos privilexios forais vascos e navarros.

Carlos María Isidro de Borbón, segundo fillo de Carlos IV e María Luísa de Parma, irmán de Fernando VII.

Estes principios resumíanse no lema ***Deus, rei e foros*** e os carlistas entendían que estaban ameazados polas novas medidas liberais (uniformización lexislativa, centralización administrativa...). Apoiaron o carlismo o clero e a fidalguía rural, ademais do campesiñado vasco e navarro, perxudicados pola abolición dos privilexios forais (exencións fiscais, restriccións ao servizo militar...) que defendía o liberalismo.

· A Primeira Guerra Carlista (1833-1839)

Desenvolveuse especialmente nas zonas vasca e navarra, no norte de Cataluña e na zona da Serra do Maestrazgo, de predominio carlista, mentres no resto de España foi un conflito máis ben esporádico. A superioridade do exército isabelino fixo que os carlistas recurrisen á guerra de guerrillas, con pequenas **partidas** ao mando de xefes coma **Zumalacárregui** ou **Maroto**. A guerra pasou por tres fases:

- a) **primeira fase** (setembro de 1833-xullo de 1835): a proclamación de Carlos como rei de España (Carlos V), só foi adiante nas zonas vasca e navarra e nalgúñas áreas do norte de Castela, a Ríoxa, o Maestrazgo e Cataluña. As partidas carlistas conseguiron varias victorias ao mando de Zumalacárregui pero non deron conquistado Bilbao.
- b) **segunda fase** (xullo de 1835-outubro de 1837): as partidas carlistas espallaron a acción cara a Galicia, Estremadura e Andalucía na procura dun levantamento xeralizado; con todo, non deron conquistado Madrid.
- c) **terceira fase** (outubro de 1837-1840): o fracaso das partidas e as victorias isabelinas provocaron unha división do bando carlista; uns eran partidarios de continuar coa guerra, pero a maioría decidiu chegar a un acordo co goberno de María Cristina. Asinouse, entón, en 1839, o **Convenio de Vergara**, no que se pedía ás Cortes que mantivese ou simplemente recortase os foros e que respetase os graos militares dos oficiais carlistas; a cambio os carlistas aceptarían a Constitución de 1837 e recoñecerían a Sabela II como raíña. Aínda que Carlos non recoñeceu o acordo e unha parte dos carlistas continuaron a loitar, en 1840 as últimas partidas carlistas fuxiron cara a Francia.


O abrazo de Vergara.

Art. 1: o capitán xeneral don Baldomero Espartero recomendará [...] ao Goberno o cumprimento da súa oferta de comprometerse [...] a propoñer ás Cortes a concesión ou modificación dos privilexios forais.

Art. 2: serán recoñecidos os [...] graos [...] dos [...] oficiais [...] do exército do tenente xeneral Rafael Maroto, [...] quedando en liberdade de seguir servindo, defendendo a Constitución de 1837, o trono de Sabela II e a rexencia da súa augusta nai ou ben de retirarse [...].

Convenio de Vergara. 31 de agosto de 1839.

O abrazo de Vergara, entre Maroto e Espartero.



En Galicia o carlismo tivo unha importancia secundaria; o clero e a fidalguía encabezaron partidas guerrilleras que contaron co apoio do campesiñado dalgunhas zonas. Destacaron Antonio López e Ramón Ramos na zona de Sobrado dos Monxes e Melide, frei Saturnino Enríquez en Mesía, Gorosti en Cotobade ou os irmáns Martínez Villaverde en Burón e A Fonsagrada. Case todos foron detidos, xulgados e sometidos a castigos exemplarizantes: Antonio López, por exemplo, foi fusilado en 1836 e o seu corpo partido en catro cachos que foron expostos en catro partes de Galicia, mentres a cabeza estivo exposta varios días nunha pica na praza do Obradoiro.

2.3. O réxime progresista de 1837 (1836-1843).

En 1836, o triunfo dos motíns populares e o pronunciamento das tropas liberais permitiron o acceso ao Goberno dos progresistas (*motín dos sarxentos da Granxa*); restaurouse a Constitución de 1812 e a lexislación do Trienio Liberal e convocáronse Cortes nas que se habían establecer as bases do novo sistema político. Nas Cortes, os progresistas, de acordo cunha parte dos moderados, elaboraron unha nova **Constitución**, que foi promulgada en **1837**; con ela gobernarán tanto os moderados, na rexencia de María Cristina, coma os progresistas, na rexencia de Espartero.

· A Constitución de 1837.

O seu obxectivo era o de garantir a estabilidade política e a alternancia no poder de progresistas e moderados, de tal xeito que abandonaba os principios democráticos de Cádiz e adoptaba as bases do liberalismo progresista:

- a) soberanía compartida entre a Coroa e a nación.
- b) o rei exerce o poder executivo, nomeando libremente aos seus ministros, comparte coas Cortes o lexislativo e pode convocar, suspender e disolver as Cortes.
- c) Cortes bicamerais cun Congreso e un Senado; os deputados eran elixidos por sufraxio censatario mentres os senadores eran elixidos polo rei.
- d) elección popular dos alcaldes
- e) restablecemento da Milicia Nacional
- f) declaración explícita de dereitos e liberdades, entre os que destacan a liberdade de prensa sen censura previa e a igualdade legal de todos os cidadáns.
- g) certa tolerancia relixiosa: o Estado non se declaraba confesional, aínda que se comprometía ao mantemento do culto católico.

A Constitución de 1837.

Dona Sabela II, pola graza de Deus e da Constitución española, raíña das Españas [...] sabede: que as Cortes [...] decretaron e sancionaron [...] o seguinte:

Sendo a vontade da nación revisar [...] a Constitución [...] promulgada en Cádiz [...] as Cortes [...] decretan e sancionan a seguinte Constitución: [...]

Art. 2: todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen previa censura, con subxección ás leis [...]

Art. 4: uns mesmos códigos rexerán en toda a monarquía [...]

Art. 11: a Nación obrígase a manter o culto e os ministros da relixión católica [...]

Art. 12: a potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art. 13: as Cortes compóñense de dous corpos [...]: o Senado e o Congreso dos Deputados [...].



Art. 15: os senadores son nomeados polo rei [...]

Art. 22: os deputados elixíranse polo método directo [...]

Art. 45: a potestade de facer executar as leis reside no rei [...]

Art. 63: aos tribunais e xulgados pertence exclusivamente a potestade de aplicar as leis [...]

Art. 70: para o goberno [...] dos pobos haberá Concellos, nomeados polos veciños [...]

Art. 77: haberá en cada provincia corpos da Milicia Nacional.

Constitución de 1837.

Sabela II.

• Segunda fase da rexencia de María Cristina de Borbón (1836-1840)

Nos inicios da rexencia constitucional gobernaron os progresistas, pero a predilección da raíña rexente polos moderados fixo que estes voltasen ao poder; os intentos moderados por modificar a **lei de Concellos** e o sistema de elección dos alcaldes (pretendían un sistema de elección directa, o que supoñía unha restricción da autonomía municipal e o control das eleccións por parte do Goberno central), provocou numerosos motíns progresistas e da Milicia Nacional en 1840. Liderados polo xeneral **Espartero**, os progresistas pretendían establecer unha correxencia, pero ante a negativa de María Cristina a aceptar as limitacións do seu poder, provocaron a súa renuncia á rexencia e o seu exilio a Francia.

• A rexencia de Espartero (1840-1843)

Espartero, líder dos progresistas, converteuse en rexente, pero o seu autoritarismo provocou o descontento e a oposición dos moderados e mesmo dunha parte dos progresistas e do pobo, que non compartían as súas decisións de goberno.

Entre as medidas que tomou cómpre suliñar o intento de solución do **problema foral vasco e navarro**. O Convenio de Vergara, asinado cos carlistas, pretendía manter os foros en todo aquilo que non cuestionase a unidade de España. En 1841 a *Lei paccionada* recoñecía a **Navarra** o dereito a conservar parte das súas institucións propias e forais a cambio de aceptar un réxime administrativo común e pagar un cupo económico. No **caso vasco**, a negativa a calquera tipo de concesións supuxo que se suprimiran os seus foros e privilexios (que recuperarán, en cambio, en 1844 cos moderados, tras a caída de Espartero). Aínda así, as concesións a Navarra supuxeron o abandono da idea de unidade institucional do Estado ao admitir no seu interior réximes específicos e diferentes.



Baldomero Espartero.

A oposición dos moderados e o descontento popular (acentuado tras o bombardeo de Barcelona para suprimir a sublevación da cidade, que protestaba pola política fiscal do rexente), debilitaron a posición de Espartero; o triunfo de varios pronunciamentos obrigouno a renunciar á rexencia e a exiliarse en Londres. O novo goberno, formado por progresistas opostos a Espartero e por moderados estivo controlado polo xeneral **Narváez**, líder dos moderados. As súas primeiras medidas foron disolver a Milicia Nacional e o adiamento da maioría de idade de Sabela que, aos trece anos, comezou o seu reinado en 1843.

2.4. O réxime moderado de 1845 (1845-1868)

Desde 1843, a política española estivo marcada pola personalidade de Sabela II; de escasa formación, cun matrimonio que se lle impuxo por razóns de Estado co seu curmán Francisco de Asís Borbón (alcuñado *Paco Natillas*, de tendencia homosexual; a raíña exclamou cando coñeceu a noticia da voda: *Antes abdicó que casar con Paquita!*), protagonizou numerosos escándalos extramatrimoniais que repercutiron na política do momento. Na Corte deixouse influir polo seu confesor, o padre Claret e, sobre todo, por sor Patrocinio das Chagas, aos que recompensou os seus consellos con accións que favorecían os intereses da Igrexa.

Sabela II confioulle o goberno, agás en breves etapas, a políticos moderados ou ultramoderados entre os que destacaron *espadóns* coma **Narváez** e **O'Donnell**. A **Constitución de 1845** incrementou o poder da Coroa, ao tempo que se implantou unha forte centralización política e administrativa e un sufraxio moi restrinxido. A represión e a corrupción electoral fixo que os progresistas recurrisen á violencia e aos pronunciamentos, se ben só acadaron o poder en 1854. Desta maneira, o reinado de Sabela II ímolo dividir en tres periodos: a **Década Moderada** (1843-1854); o **Bienio Progresista** (1854-1856) e o periodo de **Unión Liberal** (1856-1868).

Sabela II e Francisco de Asís e Borbón.

Paco Natillas / es de pasta flora / y orina en cucullas / como una señora. / Isabelona, / tan frescachona / y don Paquito / tan mariquito.

Coplas populares.

Sabela II [...] herdara de seu pai algúns dos seus máis notorios defectos. [...] Era caprichosa e voluble, apaixonada e obstinada, supersticiosa e inculta. Inclínada á intriga palatina, algunhas das crises do reinado producen auténtico bochorno. [...] O seu desgraciado matrimonio [...] foi outro motivo de continuo descrédito. Os desencontros e rupturas conxugais constituíron a rexouba dos cortesáns, os políticos e o pobo [...]. A protección que dispensou a militares [...] puxo en dúbida o seu prestixio [...]. Polo palacio real entra e sae unha relixiosa milagreira, sor Patrocinio, a monxa das chagas, que fai e desfai ao seu capricho e a quen se lle imputan as preferencias da raíña pola política ultramoderada.

Antonio Romeu de Armas.

***Historia de España contemporánea.* 1968.**



• A Constitución de 1845.

Cara a finais de 1843 a raíña confioulle o goberno aos moderados, dirixidos por **Narváez**. As novas Cortes elaboraron unha nova Constitución, **moderada**, que se aprobou en 1845:

- α) soberanía compartida entre a Coroa e as Cortes.
- β) supremacía política da Coroa, que ten o executivo, comparte o lexislativo e a soberanía coas Cortes, nomea libremente aos ministros, designa aos senadores e pode convocar e disolver as Cortes.
- χ) sufraxio fortemente censatario (a participación política dos cidadáns non chegaba ao 1%)
- δ) restriccións das liberdades individuais con, por exemplo, censura na prensa.
- ε) confesionalidade católica do Estado.

A Constitución moderada de 1845.

Dona Sabela II, pola graza de Deus e da Constitución da Monarquía española, raíña das Españas, [...] sabede: que [...] decidimos [...] de acordo coas Cortes, decretar e sancionar a seguinte Constitución. [...]

Art. 11: a relixión da nación é a católica, apostólica e romana. O Estado obrigase a manter o culto e os seus ministros.

Art. 12: a potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei.

Art. 13: as Cortes compóñense de dous corpos [...]: o Senado e o Congreso dos Deputados [...].

Art. 14: o número de senadores é ilimitado; o seu nomeamento pertence ao rei. [...]

Art. 15: [...] poderán ser nomeados senadores os españois que, ademais de ter trinta anos cumpridos, pertencen ás seguintes clases: presidentes dalgún dos corpos lexisladores [...]; ministros [...]; conselleiros [...]; arcebispos; bispos; Grandes de España; capitáns xenerais [...], ademais de percibir 30.000 reais de renda [...].

Art. 29: o cargo de senador é vitalicio.

Art. 21: o Congreso dos Deputados comporase dos que nomeen as xuntas electorais na forma que determine a lei [...].

Art. 23: para ser deputado requírese [...] percibir unha renda procedente de bens raíces ou pagar por contribucións directas na cantidade que a lei electoral esixa.

Constitución de 1845.

• A Década Moderada ou de Narváez (1843-1854)

Desde o comezo do reinado de Sabela II os moderados actuaron de acordo cos seus intereses (alta burguesía e aristocracia), tratando de controlar en exclusiva o Goberno e controlando politicamente o Estado con medidas derivadas da Constitución de 1845, entre as que cómpre destacar:

- a) a **creación da Garda Civil**, coñecida popularmente como a *Benemérita*, (1844), un corpo militar baixo as ordes directas do Goberno que substituíu á Milicia Nacional, para controlar ás masas populares, manter a orde pública, reprimir as alteracións sociais e defender o dereito á propiedade privada.
- b) unha nova **Lei de Concellos** (1845), que impoñía o nomeamento directo dos alcaldes das capitais provinciais desde o Goberno central ou polos gobernadores civís nas cidades máis pequenas. Ademais, limitouse a autonomía municipal e das deputacións, reforzando o centralismo administrativo.
- c) unha nova **Lei electoral** que restrinxía a participación política a unhas 100.000 persoas con dereito a voto (apenas un 1% da poboación).
- d) a **reforma tributaria** dos ministros **Mon** e **Santillán**: baseada nos principios de igualdade e proporcionalidade fiscais, reducía os múltiples impostos existentes a dúas categorías: os directos (a contribución territorial, por exemplo) e os indirectos (aduanas, tabacos, consumos...). Os comerciantes e os industriais protestaron, pois

nunca tiveran que pagar pola súa actividade, pero os máis perxudicados foron os sectores populares da sociedade que viron aumentada a presión fiscal a través dos impostos indirectos, o que derivou en varios motíns contra os chamados *consumos*.

- e) o **Concordato con Roma de 1851**: a Igrexa acepta a perda do seu patrimonio afectado polas desamortizacións a cambio do mantemento do catolicismo como relixión oficial e única do Estado, o control da educación, o recoñecemento da súa capacidade como *salvadora* dos costumes e unha dotación para o culto e o clero.

Os progresistas máis radicais, perante a imposibilidade de acceder legalmente ao poder, organizaron numerosos pronunciamentos (Bonet, Solís, O'Donnell...) pero todos eles fracasaron. En **Galicia**, os progresistas protagonizaron en **1846** un pronunciamento que,



iniciado en Lugo, foi encabezado por Miguel **Solís**. Rapidamente varias cidades galegas apoiaron o pronunciamento (agás A Coruña e Ourense, controladas polo Goberno) e os revolucionarios estableceron unha *Xunta Superior de Galicia*, da que foi secretario o galeguista **Antolín Faraldo**. Pero os revolucionarios foron derrotados e Solís e once dos seus oficiais foron fusilados en Carral, preto da Coruña (son os **Mártires de Carral**). O levantamento de 1846 ten, ademais, unha importancia especial para Galicia pois, xuntos ás peticións progresistas, reclámanse xa os esbozos dun primeiro provincialismo e da reivindicación do feito diferencial galego.

Monumento aos Mártires de Carral. (podes ler sobre a revolución de 1846 en :

http://www.galizacig.com/actualidade/200606/mm_temidos_e_respectados.htm)

Ao mesmo tempo, en Cataluña, desenvolveuse a **Segunda Guerra Carlista** (1846-1849; guerra dos *matiners*); ademais da defensa dos dereitos ao trono do pretendente Carlos (o que sería Carlos VI), os campesiños cataláns protestaban pola crise agraria, os impostos e o recrutamento do exército. Os protagonistas non conseguiron o seu obxectivo e a represión foi moi dura.

Ao carácter cada vez máis ultramoderado do goberno uniuselle o aumento do descontento, mesmo dentro do propio partido moderado. Así, un sector dos moderados conspirou cos progresistas para derrocar o réxime.

• O Bienio Progresista (1854-1856)

En 1854, os progresistas e unha parte dos moderados (descontentos co goberno de Narváez) protagonizaron un pronunciamento militar coñecido como a **Vicalvarada** (en

Vicálvaro, Madrid), encabezado por O'Donnell e cun programa (o **Manifesto do Manzanares**), no que se recollían as aspiracións políticas da revolución.

A Vicalvarada. O Manifesto do Manzanares.

Españóis: a entusiasta acollida que vai atopando [...] o exército liberal; o esforzo dos soldados [...], tan heroicamente demostrado nos campos de Vicálvaro; o aplauso con que en todas as partes foi recibida a noticia do noso patriótico alzamento, aseguran desde agora o triunfo da liberdade e das leis que temos que defender (...)

Nós queremos a conservación do trono, pero sen a camarilla que o deshonra; queremos a práctica rigorosa das leis fundamentais mellorándoas, sobre todo a electoral e a de imprenta; queremos que se respeten nos empregos militares e civís a antigüidade e o merecemento; queremos arrancar aos pobos da centralización que os devora, dándolles a independencia local (...) e como garantía de todo isto queremos e presentaremos baixo sólidas bases a Milicia Nacional (...) A mesma nación, en fin, fixará as bases definitivas da rexeneración liberal á que aspiramos. Nós temos consagrados á vontade nacional as nosas espadas, e non as envainaremos ata que ela estea cumprida.



Leopoldo **O'Donnell**. *Manifesto aos españois*. 7 de xullo de 1854.

Atemorizada e sen apoios, a raíña nomeou xefe de Goberno a **Espartero** e as novas Cortes elaboraron unha nova Constitución, que non chegou a promulgarse (a **Constitución de 1856**, a *non nata*, semellante á de 1837).

As principais medidas do novo Goberno progresista foron:

- a) a **Lei de desamortización xeral** (1855) de **Madoz**; poñía á venda os bens propios e comúns dos Concellos, das Ordes Militares e das institucións de beneficencia. Supuxo un duro golpe para a economía dos concellos, que perderon unha importante fonte de ingresos e para os campesiños máis pobres (especialmente no sur), incapaces de mercar as parcelas que se subastaron e que perderon o acceso e o uso comunitario das terras até ese momento comunais, convertíndose en xornaleiros. Este empeoramento das condicións de vida do campesiñado derivará nun aumento da conflictividade social nas áreas rurais máis pobres.
- b) a **Lei de ferrocarrís** (1855), que sentou as bases do tecido ferroviario español.

As diferencias entre Espartero e O'Donnell, as divisións dentro do partido progresista, a oposición dos moderados, a falta de apoio popular e o autoritarismo renovado de Espartero desembocaron nunha grave inestabilidade política. Aproveitando esa confluencia de factores,

en **1856** O'Donnell deu un **novo golpe** e voltou apartar do poder a Espartero e os progresistas.

· O periodo de Unión Liberal (1856-1868)

Até 1868 alternáranse no poder os moderados, presididos por **Narváez**, e os membros de **Unión Liberal**, a formación política liderada por **O'Donnell** na que entran os membros da esquerda máis moderada e a dereita máis progresista (unha especie de partido *de centro*). O resto das forzas políticas (progresistas, radicais, demócratas, republicanos...) quedan completamente marxinadas e fóra do xogo político. A Constitución de 1845 foi restaurada e a estabilidade política só se viu interrompida polos intentos revolucionarios dos demócratas e polas revoltas dos campesiños e os xornaleiros andaluces, afectados pola desamortización de Madoz e a falta de traballo (cómpre destacar a **sublevación de Loja** de 1861).

A estabilidade interna deu pé a unha política exterior na que se tratou de recuperar o prestixio internacional; a pesares dalgún éxito aillado, o balanço non foi positivo e as accións militares na Cochinchina, Marrocos, México ou Santo Domingo apenas aportaron ningún beneficio. Foi neste contexto no que o galego **Méndez Núñez** participou na Guerra do Pacífico contra Perú e Chile, na que a escuadra española foi derrotada (e na que o militar pronunciou a célebre frase *máis vale honra sen barcos que barcos sen honra*).

En 1866 as **discrepancias entre a raíña e O'Donnell** provocaron unha crise política e o líder de Unión Liberal foi expulsado a Francia. Narváez asumiu novamente o Goberno e, de maneira case dictatorial, tentou reprimir a avalancha das forzas opositoras; foi o denominado **Bienio Ultramoderado** (1866-1868).

No exilio, progresistas e demócratas, dirixidos por **Prim**, acordaron unir as súas forzas para derrocar a Sabela II (pactos de **Ostende** e de **Bruxelas**). Tras a morte de O'Donnell, un sector dos unionistas, encabezado por **Serrano**, contactou coas forzas antiborbónicas. Cando en abril de 1868 faleceu tamén Narváez, a raíña ficou soa. En setembro, unionistas, progresistas e demócratas, apoiados polo pobo e o exército, encabezaron unha revolución que acabou por destronar a Sabela II.

3. O Sexenio Democrático ou Revolucionario (1868-1874)

A **revolución de 1868**, a *Gloriosa* ou a *Setembrina*, expulsou aos Borbóns do trono e abriu a posibilidade, por primeira vez, dun novo sistema político baseado nos principios do liberalismo democrático e nos intereses das clases medias.

3.1. Liberalismo democrático: demócratas e republicanos.

Os demócratas xurden na década de 1840 como unha disidencia dos progresistas ante a súa crecente moderación. Son unha minoría radical dividida, á súa vez, en monárquicos e republicanos e defenden os principios do **liberalismo democrático**, non do doutrinario:

- a) **soberanía popular**: a fonte do poder é a nación, pero identificada esta co pobo, co conxunto de individuos. Polo tanto, o poder emana da vontade, libremente expresada, da maioría dos individuos.
- b) **sufrexio universal** masculino: todos os individuos teñen dereitos políticos iguais e poden participar co seu voto nas diferentes eleccións. Ademais, o pobo debía participar tamén na administración da xustiza a través dos xurados populares e na defensa das liberdades e do sistema político mediante institucións coma a Milicia Nacional.
- c) **rígida separación de poderes**: o lexislativo é exclusivo das Cortes e o executivo pode ser exercido polo rei ou, no caso da República, polo presidente da mesma.
- d) os **dereitos e liberdades** son inherentes á natureza humana e, polo tanto, indiscutibles, por iso deben figurar da forma máis ampla posible na Constitución.
- e) **libre alternancia política**: os gobernos deben ser froito da vontade popular (gobierno *democrático*).
- f) **liberdade de cultos** e separación da Igrexa e o Estado.

3.2. A Revolución de 1868.

Ao malestar social crecente, uníronse un ciclo de malas colleitas, dificultades económicas da industria e do sector financeiro, e o descontento da clase política coa actuación da raíña. Todos os grupos políticos acabaron por se unir baixo o lema *Abaixo os Borbóns! España con honra!* tralos pactos de Ostende e Bruxelas.

• A Gloriosa.

En setembro de 1868 as tropas da Mariña iniciaron un pronunciamento en Cádiz; pouco despois, os sublevados derrotaron ás tropas leais á raíña na **batalla de Ponte Alcolea**. Progresistas, demócratas e republicanos crean xuntas revolucionarias nas distintas cidades que reclaman o sufragio universal, a liberdade de prensa e esixen a abolición dos consumos e do sistema de quintas.

Abaixo os Borbóns! España con honra!

Españóis: a cidade de Cádiz posta en armas, con toda a súa provincia [...] nega a súa obediencia ao goberno de Madrid [...] resolta a non depoñer as armas até que a nación recobre a súa soberanía, manifieste a súa vontade e se cumpra [...] Aldraxada a lei fundamental [a Constitución] [...], corrompido o sufragio [...], morto o municipio, pastado a Administración e a Facenda da inmoralidade [...], tiranizado o ensino, muda a prensa [...]. Tal é a España de hoxe. Queremos que un Goberno provisional que represente a todas as forzas [...] do país asegure a orde, en tanto que o sufragio universal bota os cementos da nosa rexeneración

social e política. [...] Contamos [...] co concurso de todos os liberais, [...], cos ardentes partidarios das liberdades individuais, [...] co pobo todo [...]. Acudide ás armas, non co impulso do rancor, [...] non coa furia da ira [...], senón coa solemne e poderosa serenidade con que a xustiza empuña a súa espada.

Viva España con honra!

Serrano, Prim, Topete [e outros militares]. *Manifesto*. 19 de setembro de 1868.

Sabela II fuxiu exiliada a París e formouse un **Goberno Provisional** presidido por **Serrano**, formado por unionistas e progresistas, co apoio dos demócratas. Este Goberno puxo en marcha numerosas reformas políticas e económicas (foi o que creou a **peseta**) e convocou eleccións a Cortes mediante sufraxio universal. As eleccións déronlles o triunfo aos partidarios da monarquía polo que España sería, xa que logo, una monarquía democrática.

Goberno provisional de Serrano (1869)



· A Constitución de 1869.

Inspirada nos principios do **liberalismo democrático** establecía:

- a) **soberanía nacional**.
- b) **monarquía** como forma de goberno.
- c) clara **separación de poderes**.
- d) o rei exerce o **executivo** a través dos seus ministros; sanciona as leis pero non pode vetalas e pode suspender e disolver as Cortes, pero só unha vez en cada lexislatura.
- e) Cortes bicamerais (Congreso e Senado) elixidas mediante sufraxio universal masculino que asumen o **lexislativo** e controlan a acción do Goberno.
- f) o poder **xudicial** recae nos xuíces, elixidos por sistemas de oposición, e nel participan os xurados populares.
- g) **dereitos e deberes** recollidos de xeito explícito e amplo. Recollíase por primeira vez o dereito de reunión e de asociación.
- h) **liberdade de cultos**, eliminando, ademais, a confesionalidade do Estado.

O réxime liberal democrático.

A nación española e no seu nome as Cortes constituíntes, elexidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade [...] decretan e sancionan a seguinte Constitución [...]:

Art. 2: ningún español [...] poderá ser detido [...] senón por causa de delito. [...]

Art. 7: en ningún caso poderá abrirse [...] a correspondencia confiada ao correo, nin tampouco deterse a telegráfica. [...]

Art. 13: ninguén poderá ser privado [...] dos seus bens e dereitos [...] senón en virtude de sentenza xudicial. [...]

Art. 15: ninguén está obrigado a pagar contribución que non fose votada en Cortes [...].

Art. 16: ningún español [...] poderá ser privado do dereito de votar [...].

Art. 17: tampouco poderá ser privado ningún español: do dereito de emitir libremente as súas ideas, xa de palabra, xa por escrito [...]; do dereito de reunirse pacificamente; do dereito de asociarse para todos os fins [...] que non sexan contrarios á moral pública [...].

Art. 21: a nación obrígase a manter o culto e aos ministros da relixión católica. O exercicio [...] de calquera outro culto queda garantido [...].

Art. 32: a soberanía reside esencialmente na nación, da cal emanan todos os poderes.

Art. 33: a forma de goberno da nación española é a monarquía.

Art. 34: a potestade de facer as leis reside nas Cortes. O rei sanciona e promulga as leis.

Art. 35: o poder executivo reside no rei, que o exerce por medio dos seus ministros.

Art. 36: os tribunais exercen o poder xudicial. [...]

Art. 38: as Cortes están formadas por dous corpos [...]: Senado e Congreso [...].

Constitución de 1869.

Promulgada a Constitución, **Serrano** foi nomeado rexente provisional mentres se procuraba un novo rei; había de ser católico, liberal e contar co apoio das potencias europeas. O elixido foi, co apoio de Prim, **Amadeo de Savoia**, fillo do rei italiano Víctor Manuel II, aínda que a súa escolla non foi unánime (191 votos a favor dos 344 deputados en Cortes).]

3.3. A Monarquía democrática de Amadeo I de Savoia (1871-1873)



Amadeo de Savoia aceptou a Coroa e xurou a Constitución en xaneiro de 1871. Militar, de escaso carisma, non sabía castelán (a xente mofábase del: *non capisco niente*), nin contou con apoios. A aristocracia vía coma un estranxeiro intruso, a Igrexa non aceptou que admitise a liberdade de cultos, e o pobo en xeral tampouco o vía con bos ollos, poñéndolle alcumes por ser italiano (*don Macarrone*) e polas súas dificultades co idioma (*don Melone*). Contou, ademais, co rexeitamento sistemático dos carlistas, dos alfonsinos (partidarios de pór no trono ao fillo de Sabela II) e dos republicanos.

A morte de Prim deixou a Amadeo sen o seu principal valedor. A inestabilidade política foi o trazo característico máis destacado do seu curto reinado, que tivo que afrontar numerosos problemas:

- a) **dificultades de goberno** ao rachar a coalición de goberno entre unionistas, progresistas e demócratas e tensións entre os líderes políticos (Serrano, Sagasta, Ruiz Zorrilla).

Amadeo I de Savoia e a súa esposa, a raíña María Victoria.

- b) **a guerra de Cuba**, iniciada en 1868, na que á loita pola independencia se lle unían outras reivindicacións coma a abolición da escravitude; lonxe de solucionarse o conflito, este agravouse e prolongouse durante dez anos.
- c) **a Terceira Guerra Carlista**, iniciada en 1872, cun amplo apoio popular nas zonas vasca e navarra e tamén, algo menor, en Cataluña. Finalmente os carlistas serán derrotados en 1876.
- d) **a oposición republicana**, que puxo todos os atrancos posibles á monarquía e foi aumentando o apoio popular á necesidade de proclamar unha república.

Ante as dificultades e incapaz de nomear un goberno forte para as resolver, **Amadeo abdica** en febreiro de 1873. Tras a renuncia, fórmase unha **Asemblea Nacional** que, a pesares de estar composta maioritariamente por monárquicos, proclama a **I República**. A monarquía en España semellaba morta, tal e como o expresaba o presidente da República, Emilio Castelar: *con Fernando VII morreu a monarquía tradicional; coa fuga de Sabela II, a monarquía parlamentaria e coa renuncia de Amadeo, a monarquía democrática. Ninguén, ninguén acabou con ela. Morreu por si mesma.*

Renuncia de Amadeo I

Grande foi a honra que merecín da nación española elixíndome para ocupar o seu trono [...]. Hai dous anos que cingo a Coroa de España, e España vive en constante loita, vendo cada día máis lonxe a era da paz [...] que tan ardentemente anhele.

Se fosen estranxeiros os inimigos da súa dita, entón, á fronte dos soldados [...] sería o primeiro en combatelos; pero todos os que coa espada, coa pluma, coa palabra, [...] perpetúan os males da nación son españois; todos invocan o [...] nome da patria, todos pelexan [...] polo seu ben; [...] entre o confuso [...] e contradictorio clamor dos partidos; entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible atinar cal é a verdadeira, e máis aínda imposible encontrar o remedio [...].

Busqueino [...] dentro da lei e non o puiden atopar. Fóra da lei non o ha buscar quen prometeu observala [...].

Estas son, señores deputados, as razóns que me levan a devolver á nación, e non seu nome a vós, a Coroa [...], facendo dela renuncia para min, polos meus fillos e sucesores.

3.4. A primeira República (1873-1874).

En febreiro de 1873 proclamouse a República. A Asemblea Nacional Republicana asumiu todos os poderes e nomeou presidente do Goberno a **Estanislao Figueras**, que sería, ademais, xefe de Estado.

Xa desde o principio, apareceron diferenzas entre os republicanos á hora de decidir a organización política da República:

- os **unitarios** defendían unha república unitaria.
- os **federais gradualistas** de Pi i Margall defendían unha federación *desde arriba*, é dicir, unha República na que as Cortes organizasen o reparto de poderes entre o Estado federal e os Estados que formasen esa federación.
- os **federais intransixentes** ou **cantonalistas**, defendían un modelo *desde abaixo*, coa proclamación da soberanía das unidades políticas inferiores, os **cantóns**, para, desde eles, construír mediante acordos libres a federación española.

As tensión entre as distintas alternativas xeraron unha grave inestabilidade política e houbo que convocar **eleccións** para formar unha nova Asemblea. As eleccións, mediante sufraxio universal para maiores de 21 anos, déronlle a vitoria aos federais se ben houbo unha abstención de máis do 60% do electorado. A nova Asemblea proclamou a República federal e nomeou presidente do executivo a **Francisco Pi i Margall**. Inmediatamente comezouse a redactar o proxecto para unha nova **Constitución** que:

- a) organizaba España como unha federación formada por dezasete Estados, incluídos Cuba e Porto Rico.
- b) a xefatura de Estado correspondíalle ao Presidente da República, elixido por sufraxio universal, e que nomeaba ao Presidente do Goberno.
- c) o lexislativo recae na Asemblea Nacional Republicana, composta por dúas cámaras: o Senado, no que están representados os dezasete Estados, e o Congreso, elixido por sufraxio universal.
- d) recoñecía a autonomía municipal.
- e) establecíase unha clara separación entre Igrexa e Estado.

O proxecto federal.


Art. 1: compoñen a nación española os Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baixa, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Castela a Nova, Castela a Vella, Cataluña, Cuba, Estremadura, Galicia, Murcia, Navarra, Porto Rico, Valencia e Rexións Vascongadas [...]

Art. 39: a forma de goberno na nación española é a República federal [...]
Art. 42: a soberanía reside en todos os cidadáns e exércese en representación súa polos organismos políticos da República [...] por medio do sufraxio universal [...].
Art. 43: estes organismos son: o municipio, o Estado rexional e o Estado federal [...]
Art. 45: o poder da federación divídese en [...] lexislativo, [...] executivo, [...] xudicial e poder de relación entre estes tres poderes.

Proxecto de Constitución federal de 1873.

A axitación social e política foi en aumento; os obreiros e campesiños (estimulados pola FRE da AIT) protagonizaron folgas e protestas, entre a que hai que destacar a de **Alcoi** en 1873, onde as masas populares asasinaron ás autoridades e incendiaron varias fábricas; as noticias crearon un forte temor entre a burguesía capitalista.

Ao mesmo tempo, os federais intransixentes proclamaron a independencia de varios cantóns sen agardar a que a Asemblea promulgase a nova Constitución. O **movemento cantonalista** espallouse por Andalucía e o Levante, destacando a formación do cantón de **Cartaxena** (que perdurou desde xullo de 1873 até xaneiro de 1874). As revoltas cantonalistas fixeron fracasar o proxecto para tratar de implantar unha república *desde arriba* e Pi i Margall dimitiu.



Nicolás Salmerón asumiu a presidencia dun novo goberno que tratou de sufocar o movemento cantonalista na zona de Levante e a guerra carlista no norte (que non rematará até 1876). Para solucionar estes conflitos tivo que se apoiar en militares coma Pavía e Martínez Campos e acceder ás súas peticións de restablecer a autoridade e a orde; pero a necesidade de ter que asinar varias penas de morte levou a Salmerón, contrario á pena capital, a dimitir.

Sucedeluno **Emilio Castelar** que afrontou a guerra carlista, a cubana e o movemento cantonalista. Conseguiu poderes extraordinarios da Asemblea Nacional Republicana e tomou medidas drásticas apoiándose en militares conservadores. Os federais descontentos co goberno de Castelar, pretenderon escoller un novo presidente e, cando se estaba a celebrar a sesión nas Cortes, o **xeneral Pavía** entrou no Congreso dos Deputados e disolveu a Asemblea. Era o 3 de xaneiro de 1874.

Os catro presidentes da Primeira República.

Que é un Estado federal?

É un Estado no que hai varios núcleos políticos (Estados) unidos por un pacto. Cada un deles ten poder político soberano e autogobéñase, tendo leis e institucións propias; pero, ao mesmo tempo, pertencen ao Estado federal, no que delegan unha serie de funcións e competencias recollidos na Constitución federal. De acordo co grao de competencias que os Estados deleguen no Estado federal pode tratarse dunha **Confederación** (os Estados delegan certos poderes mantendo a súa independencia) ou dunha *Federación* (a unión dos Estados considérase indisoluble e o poder federal asume maiores competencias).

O golpe de Estado de Pavía.

Sr. Calvo: a Garda Civil entra no edificio preguntando aos porteiros o camiño [do hemiciclo] e dicindo que se desaloxe o edificio por parte do capitán xeneral de Madrid [Pavía].

Sr. Presidente [do Congreso, Eduardo Palanca]: rogo aos señores deputados que ocupen os seus asentos. Non temos máis remedio que ceder ante a forza, pero ocupando cada un o seu posto. Veñen aquí e desalóxannos. Acordan os señores deputados que debemos resistir? Deixámonos matar nos nosos asentos? (Varios deputados: Si, si, todos!)

Sr. Castelar: Sr. Presidente, eu estou no meu posto e ninguén me arrincará del: eu declaro que quedo aquí e aquí morrerei.

Un deputado: xa entra a forza armada no salón.

Varios deputados: que escándalo!

Sr. Presidente: que vergoña!

Varios deputados: soldados, viva a República federal. Viva a Asemblea soberana! (Óense disparos, quedando a sesión rematada no acto) Son as sete e media da mañá.

Diario de sesións do Congreso dos Deputados. 3-1-1874.

Ante o baleiro de poder, **Serrano** volta asumir provisionalmente o poder executivo e promete convocar novas eleccións cando o país estea pacificado, mentres o exército loita por reducir definitivamente a cantonalistas e carlistas (podes ver un mapa dos principais conflitos polos que estaba a atravesar a Primeira República en:

http://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/6/68/Conflictos_en_la_I_Rep%C3%BAblica_Espa%C3%B1ola.svg)

As tensións entre os republicanos, as guerras carlista e cubana e o aumento e a radicalización das protestas obreiras crearon un medo crecente nas clases propietarias e no exército á desintegración de España e á revolución social. Así, comezan os primeiros intentos de **Cánovas del Castillo** para tratar de restaurar a monarquía na figura de **Afonso de Borbón**, que se presentou como monarca respetuoso co sistema constitucional no **Manifesto de Sandhurst**.

O 29 de decembro de 1874 o xeneral **Martínez Campos** daba un novo golpe de Estado e pronunciábase a favor da monarquía de Afonso XII; remataba así o goberno provisional e, con el, a curta experiencia republicana.

O Manifesto de Sandhurst

Por virtude da [...] abdicación da miña augusta nai [...] son o único representante do dereito monárquico en España. [...] Orfa a nación [...] de todo dereito político e [...] privada das súas liberdades, é natural que volva os ollos ao [...] dereito constitucional. [...] O único que inspira xa confianza en España é unha monarquía hereditaria e representativa, [...] garantía dos [...] dereitos e intereses desde as clases obreiras ás máis elevadas [...]. Sexa a que sexa a miña propia sorte, nin deixarei de ser bo español, nin, coma todos os meus antepasados, bo católico, nin [...] verdadeiramente liberal.

AFONSO DE BORBÓN. Manifesto á nación española. 1-12-1874.

4. O modelo de Estado na España liberal.

O período da historia de España comprendido entre 1833 e 1874 caracterizouse pola inestabilidade política e constitucional e os continuos cambios de Goberno. Houbo sempre unha falta de consenso entre os grupos liberais sobre as que habían ser as bases do sistema e unha clara predilección da monarquía polo modelo político moderado. A partir de 1875, tras a restauración da monarquía borbónica, o modelo conservador seguiu a ser o dominante, caracterizado por:

- a) **monarquía constitucional doutrinaria** na que o rei ten un papel hexemónico: comparte a soberanía e o legislativo coas Cortes e exerce o executivo. Só dentro do liberalismo radical aparecerán os partidarios dunha monarquía democrática (coma a de Amadeo I) ou dunha república federal.
- b) **Estado unitario e centralizado**: a pesar das diferenzas lingüísticas, culturais e legais, impúxose un Estado unitario identificado coa nación española. Dependendo do grao de dependencia respecto ao Goberno central, aparecerán dous modelos: un, rixidamente centralizado, defendido por moderados e conservadores (o que máis tempo estivo en vigor: 1845-54, 1856-68, 1876-1923); outro, descentralizado, defendido polos progresistas e os demócratas, que estivo vixente en breves períodos (1836-43, 1854-56, 1868-74).

Fronte ao unitarismo e o centralismo apareceu, xa na década de 1830, a defensa das particularidades culturais e políticas das distintas partes que conformaban España, a maioría das veces, identificadas cos vellos reinos medievais. Este **provincialismo** podía ser de carácter progresista (o caso de Antolín Faraldo e o pronunciamento de Solís en 1846) ou tradicionalista (defensa das tradicións locais fronte á uniformidade legislativa liberal) coma no caso vasco e navarro. O provincialismo dará pé, na Restauración, ao nacemento do rexionalismo e do nacionalismo.

ESTADO UNITARIO: é aquel no que existe un único poder político, tanto na formación do Estado coma no exercicio da política. Todos os organismos da administración e todas as institucións políticas derivan dese único poder estatal central.

ESTADO CENTRALIZADO: as decisións administrativas, legais e xudiciais exércenas as institucións centrais; as institucións territoriais (concellos, provincias...) simplemente teñen como misión aplicar de modo uniforme en todo o territorio estatal as decisións do Goberno central.

ESTADO DESCENTRALIZADO: as institucións territoriais teñen competencias plenas; pode haber unha descentralización administrativa cando se mantén un centro político (que dicta as leis) pero as institucións territoriais teñen capacidade para decidir a forma de aplicar esa lei central no seu propio territorio. No caso da descentralización política, mantense a existencia dun Estado único e dunha única Constitución, pero recoñécese a posibilidade das institucións políticas territoriais a autogobernarse, podendo tomar as súas propias decisións políticas e administrativas para o seu propio territorio, sempre dentro do marco constitucional do Estado. Nese caso adóitase falar de Estado autonómico.

- c) **Estado de propietarios**, no que se restrinxen a participación política popular: os grupos dominantes só conceden o dereito a voto aos propietarios (terratenentes, donos de fábricas, aristócratas...) e fan do Estado un instrumento para manter os seus intereses: restrinxiron o sufraxio, evitaron que o Goberno dependese das urnas, controlaron o nomeamento dos alcaldes, estableceron códigos legais que garantían a propiedade privada, crearon un corpo de seguridade ás ordes do Goberno (a Garda Civil), crearon un exército de quintas no que o servizo se podía evitar mediante o pagamento dunha determinada taxa, coartaron dereitos e liberdades, someteron a prensa, limitaron a educación, que quedou en mans da Igrexa católica...
- d) unha peculiar **alternancia do Goberno**: o monarca nomeaba e cesaba os seus ministros, pero estes tiñan que contar coa aprobación das Cortes. Dese xeito, como o nomeamento dos ministros se facía antes das eleccións a Cortes, estes debían gañalas a toda costa. Como era o proceso, entón? O goberno, logo de ser nomeado polo rei, convocaba eleccións que, invariablemente, gañaba grazas ao control do sufraxio e á manipulación do proceso electoral. As eleccións non eran máis ca unha fraude. Os moderados defenderon a liberdade do rei á hora de empregar as súas prerrogativas; os progresistas, en cambio, esixían o sometemento da Coroa ás Cortes.

Entre 1833 e 1868, como a Coroa sempre escollía aos moderados, os progresistas tiveron que recurrir á violencia para poder chegar ao poder. O método sempre foi o mesmo: unha serie de **pronunciamentos** iniciaba unha revolución e formábanse **xuntas**, que contaban co apoio dos militares progresistas e do pobo. Xenerais (**espadóns**) coma Espartero, O'Donnell, Serrano, Prim, Topete... foron os árbitros políticos que obrigaban á Coroa a nomear gobernos progresistas; con todo, pasado o perigo, e perante o descontento popular polos cambios prometidos e non realizados, a Coroa voltaba nomear un Goberno moderado.

- e) **inestabilidade constitucional**: destaca o elevado número de Constitucións, o que marca a incapacidade política para consensuar uns principios políticos básicos aceptados por todos os liberais, tanto conservadores coma progresistas. Podemos distinguir varios modelos:

Moderadas ou conservadoras (1845, 1876)	Progresistas (1837, 1856 –non nata-)	Democráticas (1869, 1873 –proxecto-)
soberanía compartida rei/Cortes	soberanía nacional asumida polas Cortes	soberanía popular
executivo: a Coroa	executivo: a Coroa	executivo: a Coroa
lexislativo: as Cortes co rei	lexislativo: as Cortes co rei	lexislativo: as Cortes
preeminencia do rei sobre as Cortes	limitación das prerrogativas do rei polas Cortes	preeminencia do lexislativo e fortes limitacións sobre o executivo
Cortes bicamerais: o Senado designa o rei	Cortes bicamerais: o Senado designa o rei	Cortes bicamerais con Congreso e Senado elixidos por sufraxio
poder xudicial: tribunais	poder xudicial: tribunais e xurados	poder xudicial: tribunais e xurados
sufraxio censatario restrinxido	sufraxio censatario amplo	sufraxio universal masculino
catolicismo oficial	tolerancia de cultos	liberdade de cultos
dereitos e liberdades restrinxidos	dereitos e liberdades máis amplos	amplo catálogo de dereitos e liberdades

f) **división** do liberalismo en dúas grandes tendencias: a doutrinaria, maioritaria durante o s. XIX, e a democrática, minoritaria. Xurden, así, tres grandes familias políticas liberais: os moderados ou conservadores, os progresistas e os demócratas (que á súa vez poden ser monárquicos ou republicanos).

LIBERALISMO DOUTRINARIO	LIBERALISMO DEMOCRÁTICO
• Soberanía compartida • Sufraxio censatario • Restricción das liberdades • Oficialidade do catolicismo • Poderes compartidos • Parlamento bicameral: Cortes, Senado • Tribunais sen xurado • Goberno oligárquico • Monarquía constitucional doutrinaria • Estado unitario • Centralización • Nomeamento dos alcaldes polo Goberno • Garda Civil • Propiedade privada sen limitacións • Egoísmo social das clases propietarias • Proteccionismo • Apoio dos notables e a alta burguesía	• Soberanía popular • Sufraxio universal • Dereitos e liberdades amplos • Liberdade de cultos • Ríxida separación de poderes • Parlamento unicameral: Cortes • Tribunais con xurado • Goberno democrático • Monarquía ou república democrática • Estado unitario ou federal • Descentralización • Elección popular dos alcaldes • Milicia Nacional • Propiedade privada • Tentativas de débiles reformas sociais • Libre cambismo • Apoio das clases medias.

Moderados, progresistas e demócratas.

Os moderados [...] non conceden senón a medias o principio da soberanía nacional [...] e conservando as institucións do absolutismo, líganas [...] coas novas, que deben satisfacer os desexos das clases acomodadas [...].

Os progresistas, parten do principio da soberanía nacional [...]; o rei, segundo eles, é porque a nación quere que o sexa, e non porque o herdara [...]. A ruína desta fracción [...] está en conservar as institucións que podían servir aos reis para librarse deles [...].

Hai unha fracción demócrata que cre posible a amalgama da monarquía e dos principios democráticos [...]. Segue a esta fracción a republicana [...]. Quere [...] en lugar do rei [...] unha xunta federal [...]; en lugar de dúas cámaras, unha soa. Para o censo electoral, o sufraxio universal [...]. Os seus elementos máis activos pertencen ás profesións liberais, aos traballadores e artesáns [...] e a unha parte cada día máis considerable da clase media.

Fernando Garrido. *Historia do último Borbón*. 1869.

A cara e a cruz; moderados e demócratas.

A que aspira o partido moderado? [...]

O carácter máis marcado desta escola é o de resistir ao torrente revolucionario, conceder o menos posible [...], manter o existente [...]. Prescinde [...] do goberno do pobo, das masas [...]. A noción do deber por parte da sociedade de ocuparse da sorte dos pobres, dos ignorantes [...], que compoñen a maioría da poboación [...] non preocupa aos homes [...] deste partido. Chama á conciencia [...] contra os excesos [...] que enxendran as revolucións, procura diminuír os males que provocan, pero non aspira á [...] concordia de todos os intereses, a asociación de todas as clases.

Andrés Borrego [xornalista **moderado**]. Artigo en *El Correo Nacional*. 1838.

Distinguimos [...] os dereitos políticos dos [...] civís; e se estes os concedemos a todos os cidadáns, non así os primeiros, que non podemos dar máis que aos que poden exercelos ben. [...] O dereito electoral non será [...] de todos, e as ínfimas clases [...] deberán estar privadas del pola sinxela razón que non poderán exercelo convenientemente. [...] Tómase como base para a concesión deste dereito ter certa renda [...]; é racional e aceptable. [...] O benestar, a vida folgada [...], na que o traballo material non é unha carga [...] e deixa tempo para [...] o espírito; ese benestar [...] é o que se debe tomar como condición de capacidade política, porque é o que dá a intelixencia e a valía [...] social. Quen gana [...] o seu sustento [...] coa suor do seu rostro, [...] quen está reducido a un escaso xornal, ou a unha existencia [...] semellante a unha máquina, semellante a un [...] escravo; ese non pode pretender ter a consideración nin a estima política.

Joaquín Francisco Pacheco, do **Partido Moderado**.
Leccións de Dereito Constitucional. 1845.

O Estado debe recoñecer e garantir a todos os cidadáns [...]: a seguridade [...]. A inviolabilidade do domicilio. A propiedade. A liberdade de conciencia. [...] A de manifestar, transmitir e propagar o seu pensamento de palabra, por escrito [...]. A de reunión pacífica [...]. A de asociación [...]. O dereito a unha igual participación de todas as vantaxes e dereitos políticos. O dereito a un repartimento equitativo e proporcional das contribucións e do servizo militar.

A soberanía nacional é o principio fundamental do dereito político moderno, e a democracia a súa forma lóxica e xenuína. A formación das leis corresponde aos representantes do pobo reunidos en Cortes. [...] A lexitimidade supón a elección directa e o sufraxio universal.

Programa de goberno da extrema esquerda do Congreso de 1849.

- g) o mantemento do **tradicionalismo**, unha corrente ideolóxica reaccionaria, ultraconservadora e antiliberal, que inclúe a aqueles que defenden os valores políticos, sociais e relixiosos anteriores á revolución liberal: unha monarquía autoritaria, o mantemento das leis tradicionais, a vixencia do catolicismo, os dereitos da Igrexa por enriba dos dereitos individuais. Adoitan criticar, tamén, o egoísmo do capitalismo e o liberalismo económico e defenden unha maior xustiza social cos pobres baseada na caridade cristiá pero, ao mesmo tempo, conservando as diferenzas sociais.

Cómpre destacar aos **carlistas** que, xunto á defensa dos valores católicos, recoñecen os *fueros* vascos e cataláns e o dereito a reinar aos sucesores do infante Carlos, irmán de Fernando VII. Por outra banda, os **integristas** ou **neocatólicos** eran defensores de Sabela II e os seus descendentes, pero reivindicaban unha monarquía conservadora e a supremacía dos valores católicos, aos que se debía axustar a política.

Tradicionalismo: carlismo e integrismo.

A estas ideas [o liberalismo] nós opoñemos os nosos principios [...] contidos na nosa [...] divisa: relixión, patria e rei.

Primeiramente [...] as verdades [...] da fe católica son o fundamento [...] da nosa vida política [...]. O Decálogo, o código divino, é a base de todas as nosas leis [...].

A segunda palabra [...] é patria [...]. O verdadeiro patriota español di: Deus e a miña relixión ante todo e sobre todo; e logo, ante todo e sobre todo, a miña patria [...]

Rei, digo por último, pero rei pola graza de Deus e non pola [...] da soberanía nacional. Segundo o liberalismo, da soberanía nacional emana todo o poder [...] negando deste modo [o] poder de orixe divina. [...] Isto está condenado pola Igrexa católica e con razón, pois a Sagrada escritura di: todo poder vén de Deus. [...]

Pero nós non queremos soamente rei pola graza de Deus, senón tamén rei lexítimo.

M^a Tareixa de Braganza Borbón. *Carta aos españois.* 25-9-1884.

O Partido Católico Nacional, máis coñecido co nome de integrista [...] naceu [...] no ano 1888 [...].

Que somos? Somos católicos, somos españois [...] Proclamamos a soberanía social de Xesucristo. Queremos que [...] leis, costumes [...] e institucións teñan por fundamento a lei eterna [...]. Abominamos da liberdade de conciencia, de pensamento, de cultos e todas as liberdades de perdición con que imitadores de Lucifer perturban, corrompen e destrúen as nacións [...].

Aceptamos [...] aquela monarquía coa que España foi brazo dereito da Igrexa, azoute da herexía e civilizadora das xentes bárbaras.

Partido Católico Nacional. *Esquema do programa integrista.* 1909.

En **síntese**, o réxime político dominante en España foi (agás no Sexenio Democrático 1868-84) a monarquía constitucional doutrinaria favorable aos intereses sociais, políticos e económicos das clases burguesas e aristocráticas, que mantiveron fóra da política á maioría do país. Un réxime oligárquico, cunha clase política que pretendía simplemente asegurar e protexer a súa hexemonía social e económica. Un réxime sen democracia, sen verdadeiros partidos políticos, no que o caciquismo foi a verdadeira maquinaria administrativa e política do Goberno.